

3.2 A voz e o canto



Non esquezas

A emisión da voz e dos sons do canto realízase a través de diferentes órganos do corpo humano, como:

- O aparato respiratorio: os pulmóns e o diafragma.
- As cordas vocais.
- A boca, as meixelas, a lingua e a cavidade bucal.

As calidades da voz son:

- A altura do canto, é dicir, os sons máis agudos ou máis graves.
- A intensidade ou a forza con que se emiten os sons.
- O timbre ou a calidade que nos permite diferenciar que persoa, obxecto ou instrumento produce o son.

A voz humana exprésase musicalmente a través do canto. Pódese considerar o canto como a forma máis natural de expresión musical. É un recurso do noso corpo que posúe todas as propiedades imprescindibles para que se produza a música: a mensaxe que levan as **palabras**, a emoción das súas **melodías** e a riqueza dos seus **timbres**.

O canto é a expresión musical da voz humana.

Cada voz ten unha **tesitura** ou **extensión vocal**, que é un dos seus aspectos máis importantes. Denomínase **tesitura** ó número de notas que pode entoar a voz humana ou emitir un determinado instrumento, contando dende a nota máis grave ata a máis aguda. A extensión vocal define o **rexistro** ou a **altura** dunha determinada voz, que pode ser aguda, media ou grave.

Todas estas propiedades (palabras, melodía, timbre, tesitura e rexistro) converten á voz humana no instrumento musical máis completo e manexable. A riqueza musical que proporciona motivou que os compositores, ó longo da historia, a empregaran como o elemento máis apropiado para a creación musical.

A clasificación das voces

A voz humana pode clasificarse en varios tipos segundo os seus diferentes **timbres**, **tesituras** e **alturas**.

- **Voces brancas.** Son as voces agudas dos nenos educados especialmente para o canto. Dende o punto de vista tímbrico, caracterízanse pola súa finura e delicadeza. As máis agudas denomínanse voces de **soprano**, e as máis graves, de **contralto**.
- **Voces femininas.** Segundo a altura, as voces poden ser de **soprano** (a máis aguda), de **mezzosoprano** (altura media) e de **contralto** (a voz máis grave).
- **Voces masculinas.** Pola súa altura poden ser de **tenor** (a máis aguda), de **barítono** (altura media) e de **baixo** (a máis grave).

Tipo	Nome	Extensión	Tesitura
Voces femininas	Soprano		Aguda
	Mezzosoprano		Media
	Contralto		Grave
Voces masculina	Tenor		Aguda
	Barítono		Media
	Baixo		Grave